

La correspondencia  
literaria al Director  
—  
Administración:  
VEGADEO  
13, Alameda, 13

# Ecos Vegadenses

PERIÓDICO QUINCENAL INDEPENDIENTE

Preços de suscripción  
VEGADEO  
Trimestre. . . 1 pta.  
ENTODO ESPAÑA  
Trimestre. . . 1 pta.  
Semestre. . . 2 »  
Año. . . 4 »  
EXTRANJERO  
Año. . . 8'50 pta.  
Núm sueldo. 0'20 »


Año XI

VEGADEO, 2.ª QUINCENA DE OCTUBRE DE 1934

Núm. 228 229

**R**eproducimos d'esta volta un artículo que parecéu nel periódico *Ecos Vegadenses* nel número correspondente á segunda quincena d'outubre de 1934. Fírmalo un veigueño, Herminio García Allande, d'un xeito mui típico d'aquella entre dalgús dos qu'escribían colaboracións en prosa en gallego-asturiano: poñendo antias da firma a frase "por la traducción", fendo como se en realidá nun foran ellos os autores del escrito.

Pouco sabíamos de García Allande, agá qu'era del peteiro d'amigos d'Eustaquio Lago —director del periódico veigueño— que s'axuntaban pr'amañar tertulias unde falar de todo, que tuvera fora muito tempo y que xa era veyo condo escribiu esta colaboración. Al cabo, as nosas averiguacións na Veiga deron resultao y axina un veigueño amigo da historia d'esa villa nos botóu un pouco de lluz: Herminio García Allande fora nacido na Veiga un 9 de xunio de 1874. Das súas actividades na mocedá sábese que tocara na Banda de Música local. Marchóu llougo al Uruguay, unde casóu y tuvo un fiyo. Volvéu xa de mayor y colaboróu escribindo artículos —ademáis d'en *Ecos Vegadenses*— na *Hoja Parroquial* da Veiga, que dirixía el párraco José Rodríguez Fernández. García Allande morréu na villa que lo vira nacer un 9 d'abril de 1937, condo iba pra os 63 anos.

Del sou artículo nada máis amañamos dalgús casos contaos d'acentuación —entre outros el título, que ta sin as tildes nel orixinal— y un par d'erratías. 

## RECORDOS DA MÍA INFANCIA

### Os niníus guapíus

Eu recórdome que cuando era un rapacín de sete ou de oito anos, muita xente decíame que berraba muito, e que era muy fiero, e algunhas mueres tamén me decían que tía muito vicio e que era ruín como a tiña, e outros decíanme que era mais ruín que Caín. Especialmente as mueres da Galea de «Riba», tíanme unha rabia que non me podían ver nin de lonxe; e sempre me sacaban a relucir a Ramonín, ya Joselín ya Pidrín, dicéndome que aqueles si que eran niníus guapíus.

Eso de queu era mais ruín que Caín téinchemo dito moítas veces as gazmoñas que iban confesar cada oito días, ou meyor dito cada sete días; porque de domingo a domingo, vanche sete días e non oito como acostubramos a decir aquí, que pra decir dun día da semana, al outro día igual da outra semana, decimos de hoy en oito días; e se son duas semanas, decimos de hoy en quince días.

Pois eu non sey qué matemáticas son as de esta xente, porque a min enseñáronme a deprender de pequeno na escola que sete e sete son catorce, e que oito e oito son dezaseis e non quince.

Bueno; pois como che iba diciendo, eu non berraba mais, nin tía mais vicio, nin tía mais tiña, nin era mais Caín cos outros. Eu vexo agora que cuando os rapacíus tan berrando nel Fondrigo, eu óíolos dende a mia casa. E vexo que agora hay tantos Cains ou Caiús como cuando eu era Caín; pois eu non sey agora se eu son Caín ou se son Abel. Agora eu quixera ter as gorxas e el vicio que tía cuando era rapacín, anque as mueres da Galea de «Riba» yas da Galea de «Baxo», me dixeron que son mais ruín que Caín, e non me dixeron ninín guapín como ye derían a Ramonín ya Joselín ya Pidrín.

Eu quixera brincar agora como brincaba cuando era rapacín; pero eu veño experimentando agora que «el cen-

tro de gravedad», como dicen os que saben física, que tira por min pra «el centro da Terra» con máis fuerza, e non me deixa brincar como antes; yas gorxas tamén me parece que se me puxeron farruchentas, porque se quero berrar como berraba antes, afógome antes de cayer nel agua.

Agora veño a cayer na cuenta de que aquelas que me decían que era mais ruín que Caín ou ruín como a tiña, se non saberían se elas mesmas ou os fiyos de elas, se non serían mais rúius que Satanás ou rúius como a sarna. Porque non váyades a pensar vosoutros queu penso ca xente e tanto meyor cuanto mais a menudo vay confesar. Cuidado; que pra decir estas cousas, fay falta saberlas muy ben; e en cuanto a eso, eu non sey nada, nin tampouco digo nada.

A nía: e agora, xa que se ofrecen á conversación, que e como se eu che tuvera falando por medio del «pediñico», vouche decir unha cousa. ¿Tu non sabes que cuando nosoutros semos rapacíus semos lo mismo cos gatos «fora del alma»?

Se tu teís un gato na tua casa, e se non lo teís morto de fame, xa lo verás retozando solo; e se teís algún ouvelo de filo pra zurcir as tuas medias, poño por unha comparante, en cuanto te descuides con el gato, xa verás como se che poña el ouvelo de filo asina cho pon embeleñado de tal xeito, que despois pra zurcir as medias teís que ir buscar más filo; e ben ves tu cos gatos son unhos animalíus dos mais guapos que fixo Dios.

¿Tu non te fijache inda que cuando el señor cura ta predicando nel púlpito da iglesia que a cada bocadín ten que tar reprendéndolos a os rapacíus del catecismo porque tan retozando nos bancos como se foran gatos «fora del alma»? Érgame el demo que se tuveran fame ou non tuveran el vicio que tía eu cuando era rapacín, non retozaban, al menos dentro da iglesia.

Os rapaciús de agora, sonche lo mesmo cos de antes. Eu lnda me recordo de cuando era rapacín, (e como a min han de acordarse os que señan del meu tempo e mais veyos), que cuando había novenas, e os rapaciús poñíanse a retozar nas escaleiras del altar mayor, baxaba D. Manuel del púlpito, calandín, e repartíayes unhos cuantos moquetes a todos pra apaciguarlos. Eu de eso acórdome ben. Pero tu non vayas a pensar que me tocara a min algún de aqueles moquetes; porque anque eu era mais ruín que Caín según el dictamen das muyeres da Galea de «Riba», eu tía quen me reprendera, antes que tuvera que reprenderme el cura.

E agora, pra acabar con el cuento, vouche decir outra cousa. Esculta ben. Se tu teís algún fiyo de sete ou oito anos, que non berre nin ten vicio e que parece un santín

porque non fay diabluras como os outros rapaciús del seu tempo, e que as santurronas e as gazmoñas non ye dicen que e mais ruín que Caín como mo decían a min, e que non che fay «rabiarse» algunhas veces ou non che come el azúcar ou el chocolate que teís guardado nos caxois, ou non che poña algún can pequeno de faltriqueira se tu non yo das de boa gana, e que é un ninín guapín como Ramonín e Joselín e Pidrín, vay chamar al médico, nía; porque estoncias e que se el teu fiyo non é un idiota ou non ta morto de fame, e porque ta malo.

Érgame el demo se non é verdá el que che digo. E tu agora podes pensar de min, el que che dé a tua gana.

(Por la traducción)  
HERMINIO GARCÍA ALLANDE.

Aquí temos outra foto veyá del tempo dos nosos abolos, feita en Bourio, un lugarín de Tol (Castropol). Eran tempos difíciles en qu'en todas as casas se mayaba el trigo pra despós poder comer pan todo el ano. Desque taba segado, feito en colmos y posto en payeiras na casa, xuntábanse os vecíos pr'axudar a mayar. Os homes encargábanse de tirar os colmos de trigo da payeira y de metelos na máquina, y as muyeres eran as que recoyían el grao nas cestas y levábanalas derriba da cabeza al desván, unde se deixaba estendido hasta que, pouco a pouco, s'iba levando al molín pra molelo. Era un trabayo duro pol esforzo físico que supoñía, pol muito polvo que se tragaba y porque, de vez en condó, a polea da máquina rompía ou el motor que tiraba d'ela recalentaba, però tamén era un bon momento prá comunicación, pra qu'os vecíos falasen das súas cousas, dos sous problemas. Nun fai falta dicir que pra os nenos d'aquelos tempos tía que ser úa festa.

↓ Charo Fernández López

